

## PROTOCOLO PARA O DESENVOLVEMENTO DAS PROBAS DE ACCESO TELEMÁTICO NA ESPECIALIDADE DE ESCENOGRAFÍA | CURSO 2020/21

Debido á situación sanitaria creada pola COVID-19, as probas de acceso da Especialidade de Escenografía da ESADg realizaranse este ano de forma telemática, mediante o servizo de videoconferencia indicado pola Xunta de Galicia. O/A candidato/a dará na gravación o seu consentimento verbal para poder gardar rexistro da proba na plataforma *Cisco Webex Meetings* (pasado o tempo de reclamacións das probas procederase a eliminar a gravación).

Con antelación, desde a ESADg contactarase con cada aspirante para comprobar se conta cos medios necesarios para participar nas probas de forma telemática. De ser imposible nalgún caso a realización desa conexión, a ESADg habilitará os medios oportunos para que esa/s persoa/s realice/n as probas de acceso con idénticas garantías, similares procedementos e de modo simultáneo ás probas da modalidade telemática.

### PROCEDEMENTO DAS PROBAS DE ACCESO

Para poder levar a cabo as probas telemáticas coas debidas garantías, o tribunal enviará con antelación a cada aspirante un enlace persoal e intransferible á sesión de probas de acceso por videoconferencia. O día das probas, ao comezo da sesión (ás 9:00 h.), comezará a videoconferencia entre as persoas aspirantes e o tribunal. As aspirantes deberán acreditar a súa identidade, mostrando á cámara o seu DNI. O tribunal, entón, explicará como se desenvolverán o conxunto das probas.

O/a candidato/a enviará por correo electrónico o seu **dosier** (OPCIÓN A) ou ben a súa **proposta dun deseño escenográfico** (OPCIÓN B) a [departamentoescenografia@gmail.com](mailto:departamentoescenografia@gmail.com), entre as 09:00 h. e as 11:00 h., o tribunal contestará co acuse de recibo.

**Opción A. Dosier** cos traballos artísticos relacionados coa escenografía ou outros ámbitos, un pequeno *book* de fotos de traballos que considere oportuno, ou unha breve explicación de porqué elixe estudar escenografía ou mesmo unha carta de motivación.

**Opción B. Proposta escenográfica** a partir dun fragmento dun texto dramático ou doutra proposta temática, que o tribunal entregará o mesmo día da proba, no que incluírán elementos e útiles escénicos que estimen necesarios. Valorarase a adecuación entre o estímulo proposto e a realización práctica, e o feito de que se complete o traballo no tempo dispoñible.